

Miguel Anxo Fernández presenta «Lume de cobiza» en Allariz

OURENSE / LA VOZ

O escritor e profesor Miguel Anxo Fernández presentará a súa nova novela, *Lume de cobiza*, a próxima semana en Allariz. Logo de facer a primeira das presentacións da nova obra protagonizada polo detective Frank Soutelo na súa vila, o escritor carballiñés vai desenvolver agora un programa de presentacións nos lugares que aparecen recollidos na que é a primeira aventura de Soutelo en Galicia: o xoves a cita foi en Cambados, o vindeiro día 17 será en Allariz (na librería Aira das Letras), en Compostela será o 22 e en Vigo o 2 de xullo, no marco da feira do libro, e están pendente de confirmación das datas as citas de Muros e Soutelo de Montes.

Axuda a Ridimoas

O autor de *Lume de cobiza*, que está ambientada no verán do 2006 e nos incendios daquel ano, destina un euro dos seus dereitos por cada libro vendido á asociación ecoloxista Ridimoas para colaborar nos proxectos que desenvolven neste colectivo.